

O senador Ricardo Varela presenta dúas mocións para garantir a viabilidade e os postos de traballo nos paradores de Monforte e Vilalba

Partido dos
Socialistas
de Galicia
LUGO

O socialista reclámalle ao Goberno "diálogo social" cos representantes dos traballadores e un "plan estratéxico" para que estes centros "sigan a ser un referente de calidade e excelencia"

O senador do PSdeG-PSOE por Lugo Ricardo Varela vén de rexistrar dúas mocións na Comisión de Industria, Enerxía e Turismo do Senado nas que insta ao Goberno e garantir a viabilidade e os postos de traballo nos paradores de Monforte e Vilalba, afectados polo plan de reestruturación de centros e o ERE que suporá a extinción de 644 postos de traballo a nivel estatal. Varela reclama "evitar o peche temporal" dos paradores, que no caso de Monforte afecta aos seus 31 empregados e no de Vilalba suporía 3 despidos e que 20 traballadores cambien a súa situación laboral.

O socialista esixe "garantir a viabilidade" destes centros para que "sigan a ser un referente de calidade e excelencia". Para iso, reclama ademais o desenrolo dunha "estratexia de negociación cos representantes dos traballadores, a través do diálogo social" para "chegar a un acordo que garantice o mantemento do maior número de empregos" e que, en todo caso, "inclúa medidas de recolocación, formación e readaptación" dos afectados.

Asimismo, propón a elaboración "dun novo plan estratéxico para a innovación e modernización da rede", e establecer "políticas de marketing integral" para a súa promoción internacional, "a través dun plan de mercados emerxentes e de captación de novos clientes de maior valor engadido". Varela insta ao Goberno a "fortalecer as sinerxias" entre dous sectores nos que España é líder mundial, o turismo e a cultura, "cunha liña específica de promoción do turismo cultural a través de Paradores, favorecendo a diversidade e calidade da oferta".

PORTA ABERTA Á PRIVATIZACIÓN

O senador lucense xa denunciou o pasado venres a reforma da normativa de Paradores por parte do PP, que abre a porta á "xestión directa ou indirecta" destes establecementos, e por tanto "á súa privatización". O socialista presentou dúas preguntas no Senado para que o Goberno explique se pretende "facer desaparecer a singularidade que caracterizaba a estas instalacións", cunha normativa que as definía "non como establecementos de carácter hosteleiro, senón tamén como instrumentos para a recuperación do patrimonio histórico e elementos de dinamización económica, social e cultural dos territorios nos que se instalan", e para que diga "que futuro lles vai dar aos traballadores".

Lugo, 19 de decembro de 2012

Saúdos,

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo